



Xosé Manuel Pérez Bouza, actuando en calidade de senador do BNG, elixido en representación da Comunidade Autónoma de Galiza e con enderezo aos efectos de posible notificación na aldea de Lobios de Sever, nº 40, 32643, Porqueira (Ourense), como mellor proceda **EXPÓN:**

1º- Que na mañán do día 14 de xullo do presente ano de 2009, se desplazou ate o encoro de San Estevo, onde puido comprobar "in situ" o atentado medioambiental que están producindo no río Sil, as obras do proxecto de ampliación de potencia da central xa existente, levadas a cabo por Iberdrola, baixo a denominación de "San Estevo II".

2º- Que como consecuencia das obras, Iberdrola non está respetando o caudal medioambiental mínimo, tal como esixe a lexislación vixente, o que ten como consecuencia que entre a presa do encoro de San Estevo e a desembocadura do río Cabe, non hai circulación de augas, chegando en algún tramo a estar o cauce do río Sil, totalmente seco e con augas estancadas no resto.

3º- Que a maquinaria pesada utilizada para a execución das obras utiliza o propio leito do río Sil para desplazarse.

4º- Que no entorno da actual presa ademáis dun considerable ruído, hay un transito incesante de camiións de gran tonelaxe que se dedican a retirar as miles de toneladas de cascallos que producen as obras.

5º- Que para o BNG, resulta intolerable que se por parte das distintas administracións con competencias medioambientais, e nomeadamente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, se este tolerando semellante atentado medioambiental, contra un río tan importante e tan emblemático como é o río Sil, co agravante de que isto este pasando nun entorno protexido baixo a catalogación de LIC (Lugar de Interés Comunitario).

Sendo en base a todo o anteriormente exposto, que **SOLICITA:**

1º- Que ante as evidencias claras de que Iberdrola, poida estar vulnerando a lexislación medioambiental vixente e de que se estén inclumplindo as condicións baixo as que se lle otorgaron os permisos para a execución do proxecto denominado "San Estevo II", de xeito inmediato se proceda a suspensión cautelar das obras.

2º- Que se abra un expediente informativo, que no caso de concluir que se está vulnerando a lexislación medioambiental vixente e/ou de que se están inclumplindo as condicións baixo as que se lle otorgaron os permisos para a execución do proxecto denominado "San Estevo II", se proceda a sancionar á Iberdrola, como responsable das obras.

Por último **MANIFESTA:**

1º- Que de non actuar de xeito inmediato a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o vindeiro luns, 20 de xullo, este senador porá os feitos en coñecemento da Fiscalía, por se foran constitutivos de delito.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, asina a presente en Porqueira, a 15 de xullo do 2009.

Asdo: Xosé Manuel Pérez Bouza
Senador do BNG

**SR. PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO
MIÑO-SIL**